



INSTRUCCIÓNS SEGUNDO EXERCICIO

INSTRUCCIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DE 1 PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS (SUBGRUPO A2) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS C.E. 12/21 (BOP NÚM. 172 DE 06.09.2024)

1. Obxecto do exercicio:

- Consistirá en resolver un suposto práctico, a elixir entre dous propostos polo tribunal, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario anexo e as funcións da praza convocada.
- Para a súa realización dispórase de 150 minutos.
- Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución do suposto. Os dous exercicios, a elixir un, estruturaránse en varias preguntas que deberán ser respondidas pola persoa aspirante, valorándose a corrección, a fundamentación e a adecuación das respostas ás cuestións formuladas.

2. Procedemento previo ao inicio:

- Entregarase unha folla de datos persoais, que deberá cubrirse ao inicio.
- Unha vez completada, deberá dobrarse e introducirse no sobre facilitado polo Tribunal, que se pechará inmediatamente.

3. Normas para a realización do exercicio:

- O exame cubrirase exclusivamente con bolígrafo de tinta azul ou negra.
- Non estará permitido o uso de calculadora nin de material de debuxo. Tampouco estará permitido o uso de documentación de apoio nin de normativa.
- Utilizaranse follas autocopiativas proporcionadas polo Tribunal. Só poderá empregarse a cara superior das mesmas. Non serán obxecto de cualificación as respostas no reverso da folla.
- Está terminantemente prohibido asinar ou consignar calquera dato ou sinal identificativa nos impresos. O incumprimento deste punto comportará a expulsión inmediata e a non corrección do exame.
- En caso de erro, pedirán unha nova folla que substituirá á anterior, que se destruírá diante da persoa aspirante.
- As follas deberán numerarse antes da súa entrega, indicando en cada unha delas o número correspondente.

4. Garantía de anonimato:

- No momento da entrega do exame, colocarase un adhesivo cun código de barras tanto no exame escrito como no sobre pechado cos datos identificativos, para garantir o anonimato no proceso de corrección.

5. Cualificación do exercicio:

- O exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos.
- Para superalo será necesario acadar un mínimo de 15 puntos. Elimínanse as persoas aspirantes que non acaden esta puntuación.



6. Desenvolvemento da proba:

- O Tribunal avisará cando falten 60, 30 e 15 minutos para a hora de finalización.
- Non se poderá abandonar a sala ata que non transcorresen os primeiros 30 minutos.
- As follas de preguntas permanecerán boca abaixo ata a orde de inicio.
- Se algunha persoa non dispón do material necesario, deberá levantar a man e esperar a ser atendida.
- Deberase manter o DNI ou documento identificativo á vista.
- O material non necesario para realizar a proba deixarase no chan antes do seu inicio.

7. Uso de aparellos electrónicos:

- O uso de aparellos electrónicos está estritamente prohibido, polo que deberán de permanecer apagados.
- O incumprimento desta norma comportará a expulsión inmediata e a non corrección do exame.
- As persoas opositoras deberán manter, en todo momento, as orellas e pulsos descubertos, para a comprobación deste extremo.

8. Saídas e incidencias:

- Non se permitirá abandonar a sala durante a proba, salvo entrega do exame ou causas xustificadas. Para calquera incidencia deberá levantarse a man.

9. Finalización e entrega:

- Unha vez finalizado o exercicio, a persoa opositora deberá levantar a man para comunicar esta circunstancia ao tribunal. A continuación, un membro do tribunal ou do persoal colaborador achegarase ao seu posto para proceder á recollida do exame. Procederase a separar as follas principais das copias do exercicio e a grampalas en orde, entregaranse as copias á persoa opositora. A persoa opositora terá dereito a levar a copia dos supostos propostos.

10. Acreditación da presentación:

- As persoas participantes poderán solicitar un certificado acreditativo da súa presentación ao exercicio.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O Secretario